



## **BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN CON CARÁCTER TEMPORAL DUN POSTO DE PSICOMOTRICISTA, NA UNIDADE DE ATENCIÓN TEMPERÁ DO HOSPITAL NOVOA SANTOS DE FERROL**

### **PRIMEIRA.- Normas xerais**

#### **1.1 Número e característica da praza.**

Convócase o proceso selectivo para a contratación dun posto de psicomotricista, grupo II, categoría 3:

Centro: Unidade de Atención Temperá do Hospital Novoa Santos de Ferrol

Tipo de contrato: interinidade

Data de inicio: inmediata

Data de finalización: ata a incorporación da persoa titular da praza, en situación de incapacidade temporal, se cubra pola forma de provisión legalmente establecida, se reconverta ou se amortice.

#### **1.2 Procedemento de selección.**

**Concurso.** A baremación deste apartado realizarase segundo o establecido no Anexo III do V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

#### **1.3 Incompatibilidades**

O posto de traballo está sometido ó réxime xeral de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades del personal al servicio de las administraciones públicas e disposicións complementarias.

### **SEGUNDA.- Requisitos dos aspirantes**

#### **2.1 Xerais.**

Para ser admitidos a esta convocatoria os aspirantes **deberán reunir no último día do prazo de presentación de instancias** os seguintes requisitos:

##### **2.1.1. Nacionalidade:**

- Ter nacionalidade española
- Ter nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea
- Persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito
- Persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, sexan descendentes das persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de 21 anos ou maiores da devandita idade dependentes
- Persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito das persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que





sexan menores de 21 anos ou maiores da devandita idade dependentes

- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa de aplicación a libre circulación de traballadores
- Demais estranxeiros con residencia legal en España

**2.1.2.** Idade: Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadada a idade de xubilación.

**2.1.3.** Titulación: **Diplomatura en fisioterapia ou primeiro ciclo en pedagogía ou psicoloxía ou as súas titulacións equivalentes**

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión do documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

**2.1.4.** Posuír o diploma ou certificado que acredite o grao de perfeccionamento do idioma galego ou **Celga 4** (Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega - DOG núm. 146, do 30 de xullo).

**2.1.5.** Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

**2.1.6.** Non estar separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario, nin se atopar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

**2.1.7.** Non estar condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e a indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar igualmente non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu estado, o acceso á función pública.

## **TERCEIRA.- Solicitudes**

### **3.1 Forma**

Quen desexe tomar parte no proceso selectivo deberá presentar solicitude **acompañada de:**

**- Copia do DNI ou pasaporte.**

Os aspirantes estranxeiros que residan en España deberán ademais presentar unha fotocopia cotexada da tarxeta de residente comunitario ou de familiar de residente comunitario en vigor ou, se é o caso, da tarxeta temporal de residente comunitario ou de traballador comunitario fronteirizo en vigor.

Os aspirantes que sexan nacionais da Unión Europea ou dalgún estado ó que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre





circulación de traballadores, ben por residir no estranxeiro ou por atoparse en España en réxime de estadia, deberán presentar unha fotocopia cotexada do documento de identidade ou pasaporte.

Os familiares dos anteriores deberán presentar unha fotocopia cotexada do visado e, se é o caso, do xustificante de ter solicitado a correspondente tarxeta ou xustificante de ter solicitado a exención do visado e da correspondente tarxeta. De non ter solicitado estes documentos deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo do parentesco e unha declaración xurada ou promesa do español, do nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea e do nacional dalgún estado, ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación á libre circulación de traballadores, co que existe este vínculo, de que non está separado de dereito do seu cónxuxe, e se é o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está o seu cargo.

- **Copia cotexada do título académico requirido nesta convocatoria .**
- **Documento xustificativo de estar en posesión do título do curso de perfeccionamento galego, Celga 4 ou equivalente debidamente homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.**
- **Aos efectos de xustificación dos servizos prestados na Xunta de Galicia e noutras administracións públicas será necesario aportar certificación de servizos prestados.**
- **Aos efectos de xustificación dos servizos prestados nas empresas privadas será necesario aportar copia cotexada dos contratos de traballo ou certificación de empresa e informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.**
- **Copia cotexada dos diplomas acreditativos dos cursos.**

### 3.2 Lugar de presentación e prazo

As solicitudes serán dirixidas ao Tribunal de selección, con sede no Servizo de Coordinación Administrativa da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social da Coruña. Deberán presentarse na Sede electrónica da Xunta de Galicia (Procedemento PR004A) ou nos lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste último caso, a persoa solicitante deberá adiantar toda a documentación ao correo electrónico [persoal.benestar.co@xunta.gal](mailto:persoal.benestar.co@xunta.gal)

As persoas que presenten a documentación a través da Sede electrónica da Xunta de Galicia serán requiridas, no caso de resultar seleccionadas, para presentar os documentos orixinais da documentación achegada.

Independentemente das solicitudes recibidas, solicitarase ao Servizo Público de Emprego a presenza de desempregados segundo o disposto no artigo 7.5 b) do V Convenio Colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

**O prazo de presentación de solicitudes finaliza o 3 de xullo de 2020**

## CUARTA.- Admisión de aspirantes

### 4.1 Relación de admitidos e puntuacións

- O **06 de xullo de 2020**, expirado o prazo de presentación de solicitudes, reunirse o tribunal de selección e





o Presidente do Tribunal de selección ditará resolución, aprobando a relación provisional de admitidos e excluídos con expresión das puntuacións obtidas, e se é o caso, as causas que motivaron a exclusión.

## 4.2. Reclamacións

**O prazo de reclamacións finaliza o 8 de xullo de 2020.**

## QUINTA.- Tribunal cualificador

### 5.1 Composición.

Presidente: Alberto Vázquez Sanmartín, xefe do Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social na Coruña

Vogal: Rafael Álvarez Vaamonde, xefe do Servizo de Xestión económica da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social na Coruña

Secretario: María Sónora Ferreirós, xefa de Servizo de Coordinación Administrativa da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social na Coruña

O presidente poderá designar substitutos dos membros do órgano de selección.

### 5.2 Abstención e recusación.

Os membros do tribunal deberanse abster ou poderán ser recusados, cando concorran neles circunstancias das previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

### 5.3 Constitución e actuación.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, a metade mais un dos seus membros.

**As decisións adoptaranse por maioría dos presentes.**

## SEXTA.- Relación de aprobados

O **9 de xullo de 2020** o tribunal fará pública a resolución aprobando a relación definitiva puntuacións do proceso selectivo.

## SÉTIMA.- Cláusula transitoria

Este proceso selectivo terá validez durante un ano, aos efectos de facer efectivo o sistema de cobertura, con carácter temporal, de postos de traballo de persoal laboral dependentes desta Xefatura Territorial, sempre e cando non sexa posible a cobertura dos postos de traballo segundo o establecido no Decreto 37/2006, do 2 de marzo, que regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios/as e contratación de persoal laboral da Xunta de Galicia e o Decreto 124/2016, do 8 de setembro, polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo.





#### **OITAVA.- Cláusula derradeira**

As bases desta convocatoria e cantos actos se deriven dela e da actuación do tribunal, co carácter de definitivos, ou que sendo de trámite decidan sobre o fondo do asunto, poderán ser impugnados polos/as interesados/as no prazo e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O presidente

O vogal

A secretaria

